

Horario: os días 23 e 30 de xullo de 16.00-21.00 h e os días 24 e 31 de xullo de 16.00-21.30 h.

Nº de prazas: 25 alumnos.

Presentación de solicitudes: enviarase a ficha de inscrición ao centro de formación *Ica, S.L.*, r/ Portela, 12 interior. O Calvario. 36205 Vigo (Pontevedra), Teléfono: 986 37 77 79. Fax: 986 26 53 00.

Criterio de selección: por rigorosa orde de recepción da solicitude.

EMPRESA: _____ CIF: _____
 ENDEREZO: _____ CP: _____
 LOCALIDADE: _____ PROVINCIA: _____
 TELEFONO: _____ FAX: _____
 E-MAIL: _____

APELIDOS, NOME	NIF

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2009.

A rápida evolución nas dúas últimas décadas do desenvolvemento do subsector de gando vacún e, en especial, o do leite, propiciou desequilibrios nos factores de produción que se manifestaron fundamentalmente en problemas de adaptación das estruturas produtivas e da man de obra. Este desequilibrio provocou profundos cambios nos modelos produtivos, con repercusións no abandono de actividades propias do sistema produtivo deste subsector, como a cría e recría de animais para vida e a produción de carne a través da ceba dos xatos, non propicias para reprodutores, e a ceba de animais de refugio.

O abandono destas actividades ten consecuencias negativas, na procura dunha gandaría de alto estado sanitario e xenético, e na rendibilidade dos esforzos feitos na mellora gandeira ao longo dos últimos anos, e representa, así mesmo, un atranco no obxectivo de incrementar o valor engadido que lle dan as ditas actividades á economía agraria.

Sistemas de ordenación das producións con métodos profesionais, e sustentables nas vertentes social, económica e ambiental, poden contribuír á mellora da economía produtiva no medio rural e, por tanto, ao equilibrio da sociedade rural no seu conxunto.

As actividades que se van subvencionar enmárcanse dentro da seguinte regulamentación:

1. Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento

to rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

2. Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación do antedito regulamento do Consello.

3. Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento CE 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas da axuda ao desenvolvemento rural.

4. Regulamento CE 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214/37, do 9 de agosto de 2008), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde, entenderase por:

1. «Traballador desfavorecido»: toda persoa que:

a) Non tivese un emprego fixo remunerado nos seis meses anteriores, ou

b) Non conte con cualificacións educativas de formación secundaria ou profesional superior, ou

c) De máis de 50 anos, ou

d) Adulta que viva como solteiro/a e de que dependen unha ou máis persoas, ou

e) Traballe nun sector ou profesión nun Estado membro onde o desequilibrio entre sexos sexa polo menos un 25 % maior que a media nacional de desequilibrio entre sexos no conxunto dos sectores económicos do Estado membro de que se trate, se a dita persoa forma parte de ese grupo de xénero subrepresentado;

f) Sexa membro dunha minoría étnica nun Estado membro e necesite desenvolver o seu perfil lingüístico, de formación profesional ou de experiencia laboral para mellorar as súas perspectivas de acceso a un emprego estable.

2. «Traballador moi desfavorecido»: toda persoa que leve en situación de desemprego durante non menos de 24 meses

3. «Traballador discapacitado»: toda persoa que teña recoñecida pola Administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.

4. «Custo salarial»: cantidade total pagadoira efectivamente polo beneficiario da axuda en concepto do emprego en cuestión, incluídos:

a) O salario bruto, antes de impostos.

b) As cotizacións obrigatorias, como as cargas sociais.

c) Gastos por coidados infantil e parental.

5. «Emprego protexido»: emprego nunha empresa en que como mínimo o 50% da plantilla estea composta por traballadores discapacitados.

6. «Empresa»: toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica.

7. «Pequena e mediana empresa (PEME)»: aquelas empresas que ocupan menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede 43 millóns de euros.

Dentro da categoría das PEME, defínese:

Pequena empresa: unha empresa que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

Microempresa: empresa que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

8. «Grandes empresas»: empresas que non cumpren os criterios establecidos na definición de PEME.

9. Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.

Artigo 2º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos.

SECCIÓN PRIMEIRA
BASES REGULADORAS

Artigo 3º.-*Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación desta orde será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

Poderán acollerse cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, en diante SAT, que teñan por obxecto prioritario levar a cabo algún dos seguintes proxectos, en réxime asociativo:

1. Investimentos na construción e/ou mellora de instalacións, para levar a cabo as actividades de cría e recría de xovencas de raza bovina frisoa e das razas bovinas autóctonas de Galicia.

2. Investimentos na construción e/ou mellora de instalacións, para levar a cabo actividades de cría e ceba de xatos de raza bovina frisoa nados en Galicia.

3. Investimentos na construción e/ou mellora de instalacións, para levar a cabo actividades de ceba de vacas adultas.

4. Investimentos orientados á posta en marcha de proxectos no ámbito da produción primaria naquelas entidades cun número mínimo de 20 socios, que estean levando a cabo prioritariamente outras actividades e sexan titulares de explotación agraria ou pretendan poñela en marcha. Quedan excluídos os subsectores

avícola e porcino intensivo, os proxectos para a alimentación conxunta de explotacións gandeiras e os proxectos de ceba de xatos de razas diferentes á frisoa.

5. Investimentos que teñan como obxectivo o apoio ás explotacións agrarias na mellora dos procesos produtivos.

Artigo 5º.-*Finalidade.*

1. O aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa viabilidade económica e ambiental, así como da mellora das condicións do traballo.

2. Promover a recría de xovencas e a ceba de xatos e vacas adultas, en réxime asociativo, para favorecer un aumento do valor engadido nas explotacións gandeiras.

3. Fomentar a introdución de novas tecnoloxías e modernos modelos de produción.

4. Promover a reposición de rabaños con animais de alta calidade xenética.

5. Promover a integración laboral no rural de persoas desfavorecidas e discapacitadas.

Artigo 6º.-*Requisitos e obrigas comúns dos beneficiarios.*

1. Xustificación, mediante un proxecto de explotación, da necesidade e viabilidade técnico-económica dos investimentos segundo a documentación exigida no artigo 13º.

2. Compromiso de exercer a actividade agraria obxecto da axuda por un período superior a cinco anos desde a data da súa concesión. Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, que nunca será inferior a cinco anos no caso dos bens inscribibles en rexistro público, nin inferior a dous para o resto de bens e, en todo caso, nunca antes do seu período de amortización, salvo por causa técnica xustificada e acreditada documentalmentemente, en concordancia co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Acadar, polo menos, unha unidade de traballo agrario (UTA).

4. As entidades deberán establecer as normas internas de funcionamento que sexan necesarias para garantir o correcto funcionamento e a continuación da actividade de que se trate.

5. No caso das novas construcións, presentarase memoria, anteprojecto ou proxecto, segundo a documentación exigida no artigo 13º. Así mesmo, deberán presentar no momento da solicitude licenza de obra ou, na súa falta, solicitude dela e cualificación urbanística da parcela emitida polo concello, onde se pretenda construír; no caso de adquisición de inmovible certificado de taxador independente, debidamente acreditado, do valor do inmovible.

6. No caso das obras de reordenación e acondicionamento de instalacións xa existentes, acreditarase a propiedade destas, o arrendamento ou figuras xurídicas análogas mediante a escritura pública correspondente. No caso de ser instalacións arrendadas, a dura-

ción do contrato non poderá ser inferior a cinco anos, contados a partir da posta en marcha da actividade.

7. No caso de que o investimento en obra civil sexa superior a 30.000 euros, deberase presentar como mínimo un anteproxecto asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

8. Cando o importe do investimento suxeito a subvención supere a contía de 30.000 euros no caso de obra civil, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben ou á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás nos casos en que polas especiais características dos gastos suxeitos a subvención non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección destas ofertas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

9. Só serán auxiliares os investimentos que se realicen con posterioridade á data de presentación da solicitude, sempre e cando se dite resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos investimentos. No caso de instalacións fixas e construcións, non se admitirán como subvencionables os investimentos realizados ou iniciados con anterioridade á confirmación por escrito por parte desta consellería de que o proxecto cumpre as condicións de subvencionabilidade establecidas na normativa, a fin de autorizar o inicio dos investimentos. Se os investimentos se iniciasen antes de cumprir este requisito, non se concederán axudas ao conxunto do proxecto presentado.

a) Para estes efectos, considerarase como inicio do investimento o comezo do traballo de construción ou o primeiro compromiso que obriga legalmente á realización dos investimentos. No entanto, non se considerará inicio do investimento a realización do proxecto ou estudos de viabilidade previos, que serán subvencionables se están realizados con posterioridade á publicación desta orde e cumpren o resto dos requisitos establecidos.

10. Cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de ser o caso, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica.

No entanto, cando o proxecto inclúa investimentos destinados a cumprir as normas mínimas recentemente establecidas, entendendo por tales as que entrasen en vigor nun prazo máximo dun ano anterior á data de solicitude da axuda, poderase conceder para o seu cumprimento, un prazo de ata 36 meses a partir da data en que a devandita norma fose obrigatoria.

Os servizos técnicos da Consellería do Medio Rural emitirán os informes correspondentes sobre o cumprimento destas normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais.

11. Para a concesión das axudas teranse en conta as restricións de produción e as limitacións de apoio comunitario que existan de acordo coas organizacións comúns de mercado da Unión Europea. Non se

concederán axudas que contraveñan prohibicións ou restricións establecidas nelas.

Artigo 7º.-Requisitos específicos dos proxectos relacionados coa gandaría.

1. As entidades beneficiarias deberán ser titulares dunha explotación agraria, ou no caso de nova creación, deberán darse da alta no rexistro de explotacións agrarias.

2. As entidades beneficiarias de axudas a proxectos relacionados coa gandaría deberán ser membros dunha agrupación de defensa sanitaria gandeira, inscrita no rexistro das asociacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG) de Galicia, sempre que exista a posibilidade para esa especie animal.

3. Os proxectos relacionados coa gandaría presentarán un plan de xestión de xurros e esterco tendo en conta o modo de valorización e a composición recollida na táboa IX.

4. Os proxectos relacionados con centros e cría e recría de xovencas, centros de cría e ceba de xatos e centros de ceba de vacas adultas deberán realizar un programa sanitario específico vinculado ao proxecto de explotación que se vaia desenvolver, segundo o anexo VI, que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural, da Xunta de Galicia. Xuntarse á solicitude unha memoria técnica do programa sanitario segundo a documentación exixida no artigo 13º.

5. No caso de proxectos para desenvolver algunha actividade relacionada co gando vacún, as entidades deberán dispor baixo a súa xestión directa de, cando menos o 70% da superficie agraria necesaria para a carga gandeira existente en cada momento na explotación segundo o establecido no punto 5 deste artigo. O 30% da superficie restante poderán fornecelo explotacións da contorna coas que se teña formalizado un contrato de fornecemento de xurros ou esterco. A superficie agraria susceptible de aproveitamento para estes efectos localizarase nun raio non superior a 15 quilómetros da explotación.

6. A carga gandeira máxima admisible, no caso do gando vacún estará vinculada á aptitude e orientación produtiva da superficie agraria útil, e será de 2 a 2,5 UGM/ha cando a SAU estea dedicada a pradaría, de 2,5 a 3,5 UGM cando se dediquen a pradaría con rotación de cultivos intensivos e de ata 4 UGM cando se trate de superficies de alta capacidade produtiva manexadas con criterios de alto rendemento. As UGM calcularanse segundo o táboa de equivalencias recollida no anexo IX.

7. No caso de centros de cría e recría de xovencas, as entidades desenvolverán un programa de mellora xenética, que deberán xustificar técnica e documental, segundo a documentación recollida no punto 14 do artigo 13º.

Artigo 8º.-Requisitos específicos relacionados coa contratación de persoal.

1. O persoal contratado deberá pertencer ás categorías de traballador desfavorecido, traballador moi desfavorecido ou traballador discapacitado, segundo as definicións dadas no artigo 1º desta orde.

2. Os contratos deben representar creación neta de emprego. Cando a contratación non represente un incremento neto do número de empregados da entidade en cuestión en comparación coa media dos doce meses previos, o posto ou postos cubertos deberán ser vacantes a raíz da dimisión do traballador, da súa discapacidade, da súa xubilación por motivos de idade, da redución voluntaria do tempo traballado ou do seu despedimento disciplinario procedente, e non como resultado do seu despedimento.

3. Os contratos deberán garantir a estabilidade do emprego xerado. Para isto, no primeiro ano poderán ser de carácter indefinido ou de duración determinada por obra ou servizo determinado. No caso de sucesivas anualidades, os contratos subvencionables deberán ser exclusivamente de carácter indefinido. A entidade solicitante comprometerase a manter o posto de traballo como mínimo por un ano máis do período subvencionado.

4. Xustificarase o interese das contratacións segundo a dimensión, importancia socioeconómica e complexidade das actividades a desenvolver dentro do proxecto.

5. As rescisións dos contratos laborais dos postos de traballo subvencionados deben ser cubertos preferentemente nun período inferior a dous meses no caso de traballadores desfavorecidos ou moi desfavorecidos e de catro meses no caso de discapacitados, sen exceder os seis meses. No pagamento da axuda aplicarase a redución proporcional correspondente ao tempo en que o posto de traballo non estivo cuberto. O novo traballador debe manter as mesmas condicións contractuais do anterior para poder manter as axudas concedidas. Os datos do substituto e a copia cotexada do seu contrato remitiranse no prazo máis breve posible sen superar o prazo dun mes desde a súa formalización, á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

6. No caso de persoal técnico especializado, as persoas contratadas deberán posuír formación profesional de grao medio ou superior, relacionada co sector agrogandeiro, ou subscribir o compromiso de recibir a formación axeitada que determine a consellería competente nesta materia. Tamén será admitido aquel persoal que teña recibido e superado o curso de traballador especialista de substitución, impartido pola Consellería do Medio Rural.

7. Non se concederán estas axudas a empresas en crise:

i) No caso de grandes empresas, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

ii) No caso das pequenas ou medianas empresas, aquelas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do artigo 1º, punto 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214 do 9 de agosto de 2008). Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas pequenas e medianas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

iii) En ningún caso se concederán axudas ás empresas sometidas a un procedemento de quebra, insolvencia ou concursal.

iv) En todo caso, para verificar o cumprimento destes requisitos, as empresas presentarán coa solicitude de axuda unha declaración de non se encontraren en situación de crise conforme a normativa comunitaria, así como fotocopia dos balances e contas de explotación dos tres últimos anos.

Artigo 9º.-Conceptos suxeitos a subvención e contía económica.

1. Conceptos suxeitos a subvención:

a) Adquisición ou construción do conxunto de instalacións necesarias para exercer as actividades previstas nesta orde.

a.1) Na construción de novas instalacións dedicadas á produción gandeira, o investimento suxeito a subvención por metro cadrado construído non superará a contía de:

a.1.1) 140 € para as construcións de aloxamento dos animais,

a.1.2) 100 € para os almacéns.

Adicionalmente para movemento de terras e acondicionamento da superficie sobre a cal se pretende construír o importe máximo será de 16 € por metro cadrado da superficie construída.

As contías dos números a.1.1 e a.1.2 incrementaranse nun 35% cando o material de construción da estrutura sexa maioritariamente a madeira.

Nestes módulos inclúense todas as instalacións básicas para o seu funcionamento, tales como electricidade, fontanaría, cerramentos, sollados, e outras instalacións propias e imprescindibles para o desenvolvemento ordinario da actividade.

a.2) Os investimentos relacionados, tales como instalacións especiais ou específicas dunha orientación produtiva determinada, fosas de xurro, esterqueiras, vaos sanitarios, cercas, etc., serán considerados segundo as facturas ou os orzamentos pro forma presentados.

a.3) Outras instalacións e equipamentos relacionadas coa fase de produción primaria serán considerados segundo as facturas ou os orzamentos pro forma presentados.

b) Investimentos orientados á reordenación e acondicionamento de instalacións existentes.

b.1) O investimento máximo suxeito a subvención dos investimentos orientados á reordenación e acondicionamento de instalacións non superarán o 60% do recollido no punto 1 da alínea a) deste artigo.

c) Investimentos realizados en instalacións fixas e móbiles, incluídos equipamentos e programas informáticos para o desenvolvemento da actividade.

d) Gastos de transformación e preparación de terreos incultos, así como a implantación de cultivos, cun límite de orzamento de 950 euros por hectárea, podendo incrementarse nun 45% naquela superficie en que se requira a eliminación previa dos tocos.

e) Gastos de estudos técnicos-económicos e honorarios de proxectos.

f) Gastos de adquisición de terreos, ata un importe máximo do 10% dos gastos suxeitos a subvención no conxunto do proxecto de explotación.

g) Gastos vinculados á execución de programas sanitarios específicos, realizados a maiores dos desenvolvidos pola AD SG a que pertence o centro, tales como gastos de honorarios dos técnicos responsables, vacinas, análises, medicamentos, etc.

h) Custos laborais derivados da contratación de persoal que desenvolva as súas actividades nos proxectos descritos no artigo 4º desta orde, naquelas entidades que teñan concedida ou soliciten axuda para o proxecto que se vai desenvolver ao abeiro desta orde:

i) O número de traballadores subvencionables non será superior a dous traballadores para a tipoloxía de traballadores desfavorecidos ou moi desfavorecidos, e a catro no caso de traballadores discapacitados.

ii) No caso dos custos salariais de contratación de persoal, serán admitidos os contratos formalizados con posterioridade á solicitude de axuda e ata o 1 de outubro do exercicio da convocatoria, como data límite para a formalización do contrato de traballo, e subvencionables desde a comunicación do inicio da actividade, sempre que se dite resolución favorable.

iii) Os contratos serán subvencionables por un período máximo de 12 meses a partir da data da contratación no caso de traballadores desfavorecidos, ou de 24 meses no caso de traballadores moi desfavorecidos. No caso de traballadores discapacitados os contratos serán subvencionables por calquera período determinado durante o cal estean contratados.

iv) A solicitude é por un ano e poderanse solicitar posteriores anualidades ata completar o período máximo de tempo subvencionable segundo a clasificación do traballador contratado.

i) Custos distintos aos salariais, adicionais aos que o empresario tería soportado de empregar a traballadores non discapacitados, durante o período en que o traballador discapacitado estea realmente empregado:

i. Os custos de adaptación das instalacións existentes.

ii. Os custos de contratación de persoal que se dedique a tempo completo a asistir o traballador ou traballadores discapacitados.

iii. Os custos de adaptación ou adquisición de equipamento e programas informáticos destinados aos traballadores discapacitados, incluídas as instalacións tecnolóxicas adaptadas ou de axuda, suplementarios aos custos que tería soportado o beneficiario de ter contratado traballadores non discapacitados.

iv. Cando o beneficiario proporcione emprego proxecto, segundo a definición do artigo 1º desta orde, os custos de administración e transporte resultantes do emprego de traballadores discapacitados.

j) Os custos laborais e custos adicionais de contratación recollidos nas alíneas h) e i) do punto 1 deste artigo están amparados nos artigos 40 e 41, e 42, respectivamente, da sección 9 do capítulo II do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (DOUE L 214/37, do 9 de agosto de 2008).

2. Contía económica:

a) A intensidade da axuda, con carácter xeral, será do 40% do investimento máximo subvencionable e do 50% nas zonas desfavorecidas recollidas no artigo 36, letra a), incisos i) e ii) do Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro.

b) Para proxectos de construción ou acondicionamento fixaranse límites máximos específicos do 3%, no caso dos honorarios de proxecto, e do 2%, na dirección e certificación final de obra, sobre o orzamento total do proxecto.

c) No caso dos gastos vinculados á execución de programas sanitarios específicos, recollidos na alínea g) do punto 1 deste artigo a intensidade da axuda será do 80% do investimento.

d) No caso de contratación de traballadores desfavorecidos ou moi desfavorecidos a intensidade de axuda será do 50% dos custos laborais, e do 75% no caso de traballadores discapacitados. O importe máximo subvencionable será o correspondente ao custo laboral bruto do persoal laboral da categoría III que para cada ano estipula a Xunta de Galicia, a través da orde anual pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

e) No caso dos custos adicionais de contratación de traballadores discapacitados, a intensidade de axuda poderá acadar o 100% dos custos subvencionables.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

Para a selección das peticións que se aprobarán teranse en conta os seguintes criterios:

1. Segundo o proxecto que se vai desenvolver:

a) Centros de cría e recría de xovencas: 10 puntos.

b) Centros de ceba de xatos de raza frisoa: 7 puntos.

c) Centros de ceba de vacas adultas: 7 puntos.

d) Proxectos de apoio á produción agraria na mellora dos procesos produtivos: 4 puntos.

e) Outros proxectos no ámbito da produción primaria: 2 puntos.

2. Atendendo á localización da instalación, segundo o artigo 36, alínea a), incisos i) e ii) do Regulamento 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro:

a) Zona de montaña: 3 puntos.

b) Outras zonas desfavorecidas: 2 puntos.

3. Atendendo á introdución de novas actividades nas cooperativas agrarias ou SAT, e polo tanto, á xeración de novos valores engadidos:

a) As actividades para as que se solicita a axuda non foron desenvolvidas con anterioridade: 3 puntos.

4. Atendendo ao alcance do programa sanitario que se vai desenvolver a maiores do recollido na regulamentación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia (ADSG), no caso de centros de cría e recría de xovencas: ata 3 puntos.

5. Pola porcentaxe de mulleres que sexan membros do órgano de goberno da entidade:

a) Maior ou igual ao 50%: 5 puntos.

b) Entre o 40 e o 50%: 3 puntos.

6. Pola contratación de traballadores desfavorecidos ou discapacitados:

a) Contratación de traballadores discapacitados: 5 puntos.

b) Contratación de traballadores moi desfavorecidos: 2 puntos.

c) Contratación de traballadores desfavorecidos: 1 punto.

Artigo 11º.-*Modificación dos proxectos.*

1. Cando se produzan modificacións relacionadas co proxecto obxecto de axuda ou co programa de investimentos, serán comunicadas á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e presentarse un proxecto complementario ou alternativo rectificando as modificacións propostas.

2. Non obstante o establecido no número anterior, non se admitirán incrementos entre o investimento realizado e o aprobado para a execución do proxecto. No caso de redución da contía de gastos realizados, e sempre que se manteña o obxectivo inicial, reducirase a axuda na contía proporcional correspondente.

Artigo 12º.-*Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de axuda presentaranse segundo o modelo que se xunta, que se compón dos seguintes anexos:

a) Anexo I: instancia de solicitude.

b) Anexo II: relación das liñas de axuda solicitadas.

c) Anexo III: relación da documentación que se presenta.

d) Anexo IV: certificación do acordo de solicitude de subvención.

d) Anexo V: certificación de compromisos e obrigas exixidos na orde.

2. As solicitudes deben vir debidamente cubertas e asinadas polo presidente ou polo representante legal da entidade petionaria. É imprescindible cubrir os anexos correctamente na súa totalidade. Coas solicitudes presentaranse a documentación que se detalla no artigo 13º desta orde.

3. No caso das entidades que estean en trámites de constitución, a solicitude de axuda poderá facela a comisión promotora, que estará formada polo menos por tres membros, actuando un deles como presidente e outro como secretario, co compromiso de pre-

sentar a documentación que acredite a constitución efectiva no prazo de catro meses contados a partir da data de fin do prazo de presentación de solicitudes. A aprobación da axuda queda condicionada, en todo caso, á constitución efectiva da entidade.

4. As solicitudes dirixiranse ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral da Xunta de Galicia, ou do modo previsto no artigo 38 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se rexe a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

5. A presentación da solicitude de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que teñan que emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de acordo co diposto no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a entidade solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

6. Porén, quedan exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 11º e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas que non superen un importe de 1.500 euros.

Artigo 13º.-*Documentación.*

1. Copia compulsada do CIF da entidade solicitante, así como do DNI do seu presidente ou representante legal.

2. Copia cotexada dos estatutos da entidade.

3. No caso de novas entidades que presenten por primeira vez solicitude de axudas, copia cotexada da escritura de constitución e inscrición rexistral. Se se encontrar en fase de constitución, presentaranse a composición da comisión promotora e o compromiso de presentar a documentación que demostre a constitución efectiva no prazo de catro meses contados a partir da data de fin do prazo de presentación de solicitudes. Neste caso a concesión da axuda quedará condicionada á constitución efectiva da entidade.

4. Copia da declaración do imposto de sociedades do último exercicio económico. No caso das entidades de nova constitución, presentarán copia cotexada do impreso de alta no censo de actividades económicas.

5. Cando se solicite axuda para os conceptos recollidos nas alíneas h) e i) do artigo 9º, presentaranse balances e conta de resultados dos tres últimos exercicios.

6. Certificación bancaria asinada e orixinal do número de conta en que se solicita o ingreso da subvención.

7. Documento acreditativo de titularidade de explotación agraria ou, na súa falta, de alta no rexistro de explotacións agrarias.

8. Memoria técnica da entidade solicitante, asinada polo presidente, que conteña, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Descrición detallada da entidade asociativa (número de socios, capital social, capital de explotación, instalacións, outros activos, actividades que desenvolve, ou pretende desenvolver, etc.).

b) Composición e membros do consello reitor e data da súa elección.

c) Relación nominal de socios da entidade solicitante que pretenden participar no proxecto.

9. As entidades solicitantes presentarán copia compulsada ou certificación da acta de reunión do consello reitor, segundo o modelo do anexo IV, no cal se:

a) Aproba realizar os investimentos para os cales se vai pedir a subvención.

b) Acorda solicitar a subvención.

c) Autoriza a persoa encargada dos trámites.

10. Certificación da entidade solicitante, segundo o modelo do anexo V, sobre os seguintes aspectos:

a) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que se establecen nela.

b) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

c) Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta administración considere oportunas.

11. Plan de investimentos, que incluírá relación dos investimentos que se vaian desenvolver e a súa contía económica.

12. No caso de investimentos en obra civil, presentárase copia cotexada da solicitude de licenza municipal, debendo presentar antes da última xustificación de gasto copia cotexada da licenza municipal. Así mesmo, presentará certificación final de obra no momento da solicitude do último pagamento da totalidade de gastos do conxunto do proxecto.

13. No caso de adquisición de inmobles, presentárase taxación oficial que irá acompañada dunha descrición detallada e dun bosquexo cotado do inmovible e da súa localización.

14. Estudo de viabilidade técnico-económica elaborado por técnico ou equipo técnico competente, que deberá incluír:

a) En todos os casos:

i) Relación e análise técnica das instalacións e medios necesarios acordes co proxecto que se vaia desenvolver.

ii) No caso de investimentos en obra civil, presentárase bosquexo cotado e memoria descritiva da construción asinada por persoal técnico competente. No caso de que o investimento en obra civil sexa superior a 30.000 euros, presentárase anteproxecto ou proxecto asinado por persoal técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, tal e como se indica no artigo 41.2º a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro. Esta documentación incluírá como mínimo unha desagregación do investimento por unidades de obra ou capítulos de investimento, o seu custo unitario e os planos necesarios para a súa definición.

iii) Orzamento desagregado dos investimentos obxecto da solicitude de axuda.

iv) Carga de traballo prevista para desenvolver na actividade vinculada ao proxecto.

v) Financiamento previsto.

vi) Análise económica da súa viabilidade.

b) No caso de proxectos relacionados coa gandaría, ademais do anterior presentárase un estudo en que se recolla a información e análise seguintes:

i) Referencias catastrais ou datos referencias do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SixPac) -provincia, concello, zona, polígono e parcela da base territorial e Plan de xestión produtiva desta, do que se levará obrigatoriamente un rexistro de producións de forraxes, e fornecementos de xurros e/ou esterco.

ii) Estudo sobre o manexo e aproveitamento da base territorial en que se avalíe a capacidade de autoabastecemento de alimento que inclúa a carga gandeira e a capacidade produtiva da base territorial en función da súa aptitude e do manexo, de ser o caso.

iii) Plan de xestión de xurros e ou esterco, co contido mínimo recollido no anexo VIII.

iv) Memoria do programa sanitario e das medidas de bioseguranza, elaborada por técnico competente, segundo modelo do anexo VI, que incluírá, polo menos, os seguintes puntos:

(1) Medidas de bioseguranza das instalacións.

(2) Medidas relativas ao benestar dos animais.

(3) Condicións de manexo dos animais.

(4) Condicións sanitarias mínimas exixibles de entrada dos animais ao centro.

(5) Condicións sanitarias mínimas exixibles das explotacións de orixe dos animais.

(6) Condicións sanitarias de permanencia dos animais no centro.

(7) Condicións sanitarias dos animais á saída do centro.

(8) Plan de investimentos para a execución do programa sanitario, detallando a relación de investimentos e a súa contía.

(9) Resumo das medidas que se van desenvolver a maiores do recollido na regulamentación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG).

15. No caso de proxectos de cría e recría de xovencas, memoria detallada do programa de mellora xenética que se vai desenvolver por parte da entidade no centro de recría.

16. Identificación e cualificación dos técnicos ou equipos técnicos realizadores de estudos, informes e ou proxectos, mediante copia cotexada do DNI e documentación acreditativa da súa titulación académica. Os anteditos técnicos ou equipos técnicos deberán ser formalmente independentes das entidades solicitantes e competentes na materia obxecto do estudo ou informe. Para estes efectos considerárase que a parte técnica dos estudos ou informes deberá ser elaborada por técnicos con titulación universitaria no ámbito agronómico e veterinario, segundo o caso.

17. Copia do regulamento de réxime interno polo cal se regula a xestión das actuacións recollidas nesta orde e polas que se solicita a axuda, ou compromiso de achegalo nun prazo de tres meses a partir da data do fin de prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.

18. No caso de contratación de traballadores desfavorecidos ou discapacitados:

a) Memoria das actividades que se van desempeñar nos novos postos de traballo en que se xustificará ademais o interese da contratación.

b) Documentación xustificativa da condición de traballador desfavorecido, moi desfavorecido ou discapacitado, segundo o caso.

c) Copia cotexada dos contratos, unha vez presentados no rexistro correspondente, orzamento da contratación, calculado e detallado mes a mes e compromiso formal de manter o posto de traballo que se crea durante o tempo mínimo que se fixa nesta orde, así como de presentar nova documentación en caso de substitución. No caso de traballadores dedicados á asistencia ao traballador ou traballadores discapacitados, constará esta circunstancia de xeito expreso no seu contrato.

d) Copia cotexada dos TC1 e TC2 dos doce meses inmediatos anteriores á data da contratación, especificando nome completo dos traballadores que se corresponden cos códigos do TC2, para permitir a súa identificación e acreditar o recollido no número 2 do artigo 8º.

e) No caso de axuda dunha nova anualidade:

i) Copia cotexada da nova anualidade do contrato, unha vez presentada no rexistro correspondente, de ser o caso.

ii) Orzamento anual do contrato, calculado e detallado mes a mes, para a nova anualidade.

19. No caso dos custos adicionais de contratación de traballadores discapacitados, presentarase:

a) Memoria que inclúa:

i) Número e tipoloxía da totalidade dos traballadores que ten contratados a entidade solicitante.

ii) Relación do equipamento e programas informáticos de que dispón a entidade.

iii) Relación e xustificación dos investimentos de adaptación das instalacións, dos custos administrativos e de transporte resultantes do emprego de traballadores discapacitados, e definición deles mediante memoria e bosquexos ou planos.

Para todo o referido nesta orde, o cálculo das UGM farase segundo os datos recollidos no anexo IX.

Artigo 14º.-*Tramitación.*

As unidades administrativas receptoras remitirán no prazo máis breve posible as solicitudes de axuda recibidas á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, para que o Servizo de Mellora da Competitividade das Producións comprobe que a solicitude e a documentación presentada reúnen os requisitos exixidos nesta orde e que as actuacións e investimentos incluídos na solicitude de axuda non se iniciaron fóra dos prazos permitidos pola normativa existente.

Se os impresos de solicitude non están debidamente cubertos, se non se presenta a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requirirase o interesado para que nun prazo máximo de dez días emende os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42º, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de axudas é a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria. A avaliación das solicitudes levaraa a cabo un órgano colexiado composto polo subdirector xeral de Gandaría, o xefe do Servizo de Mellora da Competitividade das Producións, un xefe de área ou sección e un xefe de negociado, que actuará como secretario. O órgano colexiado valorará as solicitudes de axuda segundo os criterios establecidos e formulará proposta de concesión ao director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria que, pola súa vez, a elevará ao conselleiro do Medio Rural.

Artigo 15º.-*Resolución.*

1. O conselleiro de Medio Rural resolverá sobre a aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

2. Seguidamente, notificaráselle ás entidades asociativas beneficiarias a resolución de concesión da subvención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde, así como en función das solicitudes presentadas e da dotación orzamentaria existente. De todas as formas, o pagamento queda suxeito á súa correcta xustificación.

3. O prazo para resolver o procedemento será de nove meses contados a partir da data de remate de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen recibir notificación de resolución favorable, o interesado poderá entender desestimada a axuda solicitada.

Artigo 16º.-*Incompatibilidade.*

As subvencións reguladas por esta orde son incompatibles con calquera outra axuda das administracións públicas para os mesmos conceptos, salvo coas subvencións ao tipo de xuro dos préstamos para financiar o investimento, sempre que non procedan de fondos da Unión Europea. En todo caso, a subvención bruta equivalente total non poderá superar o recollido no punto 2 do artigo 9º.

Artigo 17º.-*Xustificación e pagamento da axuda.*

1. As subvencións concedidas faranse efectivas mediante pagamentos nominativos a favor dos beneficiarios, unha vez que acepten expresamente a subvención nos termos en que se lle concedeu e acrediten as actividades, investimentos e gastos realizados, de acordo co que se especifica no texto desta orde e na correspondente resolución de concesión.

2. Para a xustificación da axuda concedida é necesario que as entidades asociativas beneficiarias presenten a seguinte documentación:

a) Comunicación de realización dos investimentos, segundo o modelo do anexo XI.

b) Facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que xustifiquen os gastos e investimentos realizados. Tamén se achegarán transferencia bancaria, certificación ou calquera outro documento, orixinal ou cotexado, que acredite fidedignamente o seu pagamento efectivo. Non se admitirán procedementos de financiamento mediante leasing ou renting.

c) No caso de investimentos en obra civil, para o pagamento final presentarse copia cotexada da licenza municipal ou documentación acreditativa equivalente, e certificación final de obra valorada.

d) Para os investimentos en compra de bens inmoables, presentarse o documento notarial de compravenda do terreo ou edificación que corresponda, xunto co xustificante da liquidación bancaria do seu importe.

e) Declaración do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, segundo o modelo do anexo XI.

f) Nas contratacións de persoal presentaranse copias cotexadas das nóminas e TC, correspondentes ás mensualidades cubertas ata o momento da xustificación.

g) Calquera outra documentación adicional de carácter complementario que se indique expresamente na resolución de concesión da subvención e que se considere necesaria para a xustificación, seguimento e control destas axudas.

3. O pagamento da subvención realizarase logo de xustificación polo beneficiario, nos termos recollidos neste artigo, logo de presentación de solicitude de pagamento, segundo o modelo do anexo XI. Pro-

ducirse a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

4. Poderanse efectuar pagamentos parciais á conta se o beneficiario da axuda xustifica un investimento parcial respecto da subvención concedida, de acordo co punto 6º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

5. O beneficiario deberá xustificar o investimento conforme á anualización establecida na resolución de concesión e poderá solicitar os correspondentes pagamentos da axuda.

6. Os pagamentos anteriores ao pagamento final terán o carácter de pagamentos parciais. Cando se tramite un pagamento parcial, o solicitante deberá presentar con anterioridade ao pagamento da axuda unha garantía constituída por seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá acadar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto nas bases reguladoras ou convocatoria das axudas.

A garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria. As garantías serán liberadas unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o cal se concedeu a subvención.

3. A falta de comunicación ou de realización dos investimentos entenderase como renuncia ás axudas concedidas, e quedará sen efecto a resolución de concesión, coa obriga de reintegrar as cantidades percibidas, e os xuros de demora correspondentes, de ser o caso, sen prexuízo das responsabilidades ásqe houber lugar.

4. A falta de xustificación de polo menos o 60% do gasto correspondente ao conxunto dos investimentos suxeitos a subvención comportará a perda da totalidade da subvención.

5. No caso de redución da contía de gastos realizados, e sempre que se manteña o obxectivo inicial, reducirase a axuda na contía proporcional correspondente, sen prexuízo do recollido no punto anterior deste artigo.

Artigo 18º.-*Seguimento e control.*

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, incluída a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á correspondente modificación da resolución de concesión.

2. Calquera modificación dos investimentos aprobados que supoña un cambio de localización, obxectivos, conceptos, prazo de execución ou variación do orzamento, así como de calquera condición específica sinalada na resolución de concesión, requirirá a autorización desta consellaría, unha vez presentada a correspondente solicitude xustificativa. No caso de redución dos investimentos, sempre que se manteñan

os obxectivos iniciais, a subvención concedida verase diminuída na contía proporcional conseguinte.

3. A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas, co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das entidades competentes, e en particular, da Consellería do Medio Rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), Consello de Contas, e ás cales sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

4. Así mesmo, no caso de axuda a investimentos financiados no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, será de aplicación o referido a controis, así como o réxime de reducións e exclusión reguladas no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro (DO L 368, do 23 de decembro), polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento CE nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005 (DO L 277, do 21 de outubro), no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas da axuda ao desenvolvemento rural.

Neste caso, se o importe do investimento correspondente á solicitude de pagamento supera o importe que pode concederse logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada en máis dun 3 %, aplicarase unha redución sobre o importe resultante do estudo da elixibilidade igual á diferenza entre os dous importes citados.

No entanto, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non subvencionable.

Se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, a operación de que se trate quedará excluída da axuda do Feader e recuperaranse todos importes que se aboaron pola devandita operación. Ademais, o beneficiario quedará excluído da axuda pola medida en cuestión durante o exercicio do Feader de que se trate e durante o exercicio do Feader seguinte.

Artigo 19º.-*Reintegración.*

1. As entidades beneficiarias quedan obrigadas ao reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o tempo que medie entre a notificación de resolución do procedemento de reintegro e o seu reembolso efectivo, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, tendo en conta as excepcións contidas.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Gal-

cia e no Regulamento(CE) 1975/2006, da Comisión do, 7 de decembro (DO L 368, do 23 de decembro), en particular o establecido no artigo 31 do citado regulamento.

Artigo 20º.-*Medidas informativas e publicitarias das axudas cofinanciadas polo Feader.*

Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural farase constar que, na marxe doutras fontes de financiamento público, concorre o financiamento con fondos Feader.

Para accións que supoñan investimentos que superen un custo total de 50.000 euros, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa, e nas infraestruturas cuxo custo total supere os 500.000 euros instalarse un panel publicitario.

Tanto na placa como no panel publicitario figurará unha descrición do proxecto de explotación, que ocupará como mínimo o 25% da placa ou panel. Ademais, figurará a bandeira europea, de acordo coas normas gráficas establecidas no punto 4 do anexo VI do Regulamento (CE) nº 1974/2006, xunto co lema “Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural”.

Artigo 21º.-*Recursos administrativos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou a respectiva orde de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presente, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

SECCIÓN SEGUNDA CONVOCATORIA 2009

Artigo 22º.-*Convocatoria.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2009, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación.

Artigo 23º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común e, preferentemente, no Rexistro da Consellería do Medio Rural, edificios administrativos de San Caetano s/n 15781, Santiago de Compostela.

Artigo 24º.-Prazo para a xustificación do gasto.

A xustificación do gasto correspondente aos investimentos e actividades subvencionables ao abeiro desta convocatoria deberase realizar segundo a anualización establecida na resolución de concesión, e nos prazos seguintes: ata o 30 de novembro para as anualidades do 2009 e 2010, e antes do 30 de outubro para a anualidade do 2011, podendo ser modificadas na resolución de concesión.

No entanto, poderase conceder, por pedimento xustificado do interesado realizado antes da finalización do prazo establecido en cada anualidade e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá da metade do prazo inicialmente previsto.

Artigo 25º.-Financiamento das axudas.

As axudas concedidas financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

1. Fondos cofinanciados polo Feader: aplicación 11.03.712-C.770.1, por un importe de 5.000 € para a anualidade 2009, 200.000 € para o ano 2010 e 1.000.000 € para o ano 2011.

2. Fondos propios: aplicación 11.03.713-D.770.0, por un importe de 60.000 € para o ano 2009 e 100.000 € para o ano 2010.

3. Fondos propios: aplicación 11.03.713-E.770.3, por un importe de 5.000 € para a anualidade 2009, 30.000 € para o ano 2010.

As devanditas aplicacións orzamentarias poderán ser incrementadas con fondos adicionais comunitarios, estatais e desta comunidade autónoma.

A concesión das axudas limitarase ás dispoñibilidades e crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto no Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); no Regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior; no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural; no Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado; Lei 19/1995, de modernización

de explotacións agrarias; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións de axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia; a entidade solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Terceira.-Os documentos exixidos nesta convocatoria e que figuren nos diferentes rexistros da Consellería do Medio Rural ou na súa base de datos non será necesario que os presente a entidade solicitante, obtendo directamente a unidade que tramita o expediente.

Disposición derogatoria

Derrógase a Orde do 7 de setembro de 2007 (DOG nº 179, do 14 de setembro), pola que se establecían as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e a Orde do 19 de agosto de 2008 pola que se modifica a Orde do 7 de setembro de 2007 da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2008.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación normativa.*

Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FOMENTO DA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS EN COMÚN, PARA A MELLORA DOS PROCESOS PRODUTIVOS EN COOPERATIVAS E SAT	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR323C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO			TELÉFONO
<input type="text"/>			<input type="text"/>

ADVERTENCIA LEGAL:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

SOLICITA:

Que lle sexan concedidas as axudas establecidas ao abeiro desta orde, de acordo cos datos que se recollen a seguir (anexo II) e coa documentación para o efecto presentada (anexo III).

EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de lle dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2009.</i></p> <p>SINATURA DO/A PRESIDENTE/A OU REPRESENTANTE LEGAL</p> <p>Lugar e data</p> <p>_____ , de _____ de _____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td>_____</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td>___/___/___</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	<input type="text"/>	_____	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA	<input type="text"/>	___/___/___		DATA DE EFECTOS		___/___/___		DATA DE SAÍDA		___/___/___
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																
<input type="text"/>	_____																
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA																
<input type="text"/>	___/___/___																
	DATA DE EFECTOS																
	___/___/___																
	DATA DE SAÍDA																
	___/___/___																



ANEXO II

RELACIÓN DAS LIÑAS DE AXUDAS SOLICITADAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

RESPONSABLE DAS SOLICITUDES DE AXUDA

DON/DONA	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

LIÑA DE AXUDA PARA A CAL SE FAI A SOLICITUDE (riscar cun "X")

Centros de cría e recria de xovencas de razas frisoa e autóctonas de Galicia.
 Centros de cría e ceba de xatos de raza frisoa.
 Centros de cría e ceba de vacas adultas.
 Investimentos para a posta en marcha doutros proxectos no ámbito da produción agraria ou de apoio ás explotacións agrarias na mellora dos procesos produtivos.

RESUMO DOS GASTOS E INVESTIMENTOS

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO PREVISTO	SUBVEN. MÁXIMA (*)	IMPORTE DA SUBVENCIÓN (**)
Adquisición ou construción de instalacións	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Investimentos en obra civil para a reordenación e o acondicionamento de instalacións existentes	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Investimentos realizados en instalacións fixas ou móbiles	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Equipamento e aplicacións informáticas específicas	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Gastos de transformación e preparación de terreos incultos	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Gastos de estudos técnico-económicos	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Gastos de honorarios de proxectos, dirección e certificación final de obra	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Gastos de execución dos programas sanitarios asociados	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Gastos de adquisición de terreos	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Custos laborais de contratación de traballadores desfavorecidos ou moi desfavorecidos	<input type="text"/>	50%	<input type="text"/>
Custos laborais de contratación de traballadores discapacitados	<input type="text"/>	75%	<input type="text"/>
Custos adicionais á contratación de traballadores discapacitados	<input type="text"/>	100%	<input type="text"/>

(*) A axuda máxima será do 50% nas zonas desfavorecidas, e do 40% no resto.

(**) O importe da subvención non poderá superar os límites máximos que establece a orde para cada concepto subvencionable.

O/a abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

SINATURA

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER

ANEXO III

RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

(Indicar cun X a documentación debidamente ordenada que se presenta coa solicitude)

- Documento acreditativo da titularidade da explotación (na súa falta, alta no Rexistro de Explotacións Agrarias).
- Memoria técnica da entidade solicitante, asinada polo presidente, que conteña a información recollida no punto 8 do artigo 13º.
- Copia compulsada do CIF da entidade e do DNI do seu presidente ou representante legal.
- Copia da escritura de constitución, estatutos e inscrición rexistral (só no caso de novas entidades).
- Composición da comisión promotora (no caso de encontrarse en fase de constitución).
- Certificación de acordo de solicitude de subvención (segundo anexo IV).
- Certificación dos compromisos e obrigas exixidos na orde (segundo anexo V).
- Copia compulsada da declaración do imposto de sociedades do último exercicio económico, no caso das novas entidades, copia do impreso de alta no imposto de actividades económicas.
- Plan de investimentos.
- Copia cotexada da solicitude de licenza municipal.
- Taxación oficial xunto con bosquexo cotado do establecemento e a súa situación (no caso de adquisición de inmovible).
- Certificación bancaria orixinal e asinada do número de conta.
- Estudo de viabilidade técnico- económica elaborado por técnico ou equipo técnico cualificado, que conteña a información recollida no punto 14 do artigo 13º
- Copia da memoria, anteproxecto ou proxecto, segundo se indica no punto 14.a).ii) do artigo 13º desta orde.
- Copia do regulamento de réxime interno polo cal se regula a xestión das actuacións recollidas nesta orde e polas cales se solicita axuda, ou compromiso de presentalo nun prazo de tres meses a partir da data o fin do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- Identificación e cualificación dos técnicos ou equipos técnicos realizadores de estudos, informes e proxectos, mediante copia cotexada do DNI e documentación acreditativa da súa titulación académica.
- No caso de proxectos de cría e recría de xovencas, memoria detallada do programa de mellora xenética que vai desenvolver a entidade no centro.
- No caso de contratación de traballadores desfavorecidos ou discapacitados, memoria das actividades que se van desempeñar nos novos postos de traballo en que se xustifique ademais o interese da contratación.
- Documentación xustificativa da condición de traballador desfavorecido, moi desfavorecido ou discapacitado segundo o caso.
- Copia cotexada dos contratos, unha vez presentados no rexistro correspondente, orzamento da contratación, calculado e detallado mes a mes e compromiso formal de manter o posto de traballo que se crea durante o tempo mínimo que se fixa nesta orde, así como de presentar nova documentación en caso de substitución.
- Copia cotexada dos TC1 e TC2 dos doce meses inmediatos anteriores á data da contratación, especificando nome completo dos traballadores que se corresponden cos códigos do TC2, para permitir a súa identificación.
- No caso de axuda dunha nova anualidade do contrato, copia cotexada da nova anualidade do contrato, unha vez presentada no rexistro correspondente e orzamento anual, calculado e detallado mes a mes.
- No caso dos custos adicionais de contratación de traballadores discapacitados, memoria que recolla todas as cuestións citadas no punto 19 do artigo 12º desta orde.

O/a abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

SINATURA

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DON/DONA	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
COMO SECRETARIO/A DE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN			
<input type="text"/>			

CERTIFICA:

Que o consello reitor desta entidade, reunido en

o día , acorda:

* Solicitar a subvención que corresponda, segundo o establecido nas liñas de axuda descritas nesta orde.

* Autorizar a , con DNI

como persoa encargada da realización dos trámites necesarios.

* Aprobar a realización dos investimentos que se citan a seguir:

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en

_____, de _____ de _____

Visto e prace
O/A PRESIDENTE/A

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER

ANEXO V

CERTIFICACIÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS EXIXIDOS NESTA ORDE

DON/DONA	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
COMO SECRETARIO/A DE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN	<input type="text"/>		

CERTIFICA:

- Que esta entidade asociativa reúne os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como que cumpre as obrigas e compromisos que nela se establecen.
- Que se responsabiliza para todos os efectos da autenticidade, tanto dos datos facilitados como da documentación presentada.
- Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, e a permitir as comprobacións e inspeccións que a administración considere oportunas.
- Que non se beneficiará de ningún outro tipo de subvención procedente das administracións públicas para os mesmos fins para os cales solicita axuda ao abeiro desta orde.
- Que se compromete a cumprir as normas mínimas autonómicas, estatais e comunitarias en materias de ambiente e hixiene e benestar dos animais, cando corresponda, no prazo máximo de 36 meses desde a instalación, no suposto de non cumprilas actualmente.
- Que se compromete a realizar un programa sanitario específico, cando corresponda.
- Que se compromete a non vender, doar nin ceder en uso as instalacións, tanto fixas como móbiles, ou equipamentos subvencionados, antes de cinco anos ou de que remate o seu prazo de amortización, salvo por causa técnica xustificada e demostrada documentalmente, en concordancia co artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en

_____ , de _____ de _____

Visto e prace
O/A PRESIDENTE/A

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

ANEXO VI**Programa sanitario e medidas de bioseguranza**

SECCIÓN PRIMEIRA

REQUISITOS SANITARIOS MÍNIMOS PARA CENTROS DE CRÍA E RECRÍA DE XOVENCAS FRISOAS PARA PRODUCCIÓN DE LEITE E DE XOVENCAS DE RAZAS AUTÓCTONAS

Os centros de cría e recría de xovencas, con carácter xeral, deberán cumprir a lexislación sectorial correspondente. Especificamente serán analizados de forma particular os seguintes aspectos:

1. Aplicación dos programas estatais contra as enfermidades suxeitas a controis oficiais.

2. Os centros terán dedicación exclusiva á actividade de cría e recría de xovencas, cría e ceba de xatos e ceba de vacas adultas, polo que non pode haber presenza doutros animais ou actividades alleas a esta e á produción agrícola vinculada á parcela en que está situado o centro.

En todo caso a unidade de cría e recría de xovencas deberá manter a distancia suficiente do resto das instalacións para garantir as condicións de seguranza sanitaria requiridas.

3. Cumprimento da normativa relativa sobre identificación animal.

4. Cumprimento da normativa relativa ao benestar animal. Sobre este aspecto será obrigado dispoñer da documentación propia do movemento de gando, do conxunto de documentación relativa ao transporte, tal coma a folla de ruta en que conste o percorrido polas distintas explotacións, tempo empregado, animais transportados e certificado de desinfección dos vehículos.

5. Os centros de cría e recría de xovencas deberán pertencer a unha AD SG. Así mesmo, as explotacións que pretendan facer uso destas instalacións tamén deberán pertencer a unha AD SG ou en caso contrario, acreditar mediante certificado veterinario que desenvolven un programa sanitario que recolla cando menos os puntos do programa sanitario marcado orde de axudas anual ás AD SG.

6. O centro terá asignado un veterinario responsable da xestión sanitaria do control. No caso de substitución, os responsables da xestión do centro deben comunicala nun prazo de dous meses á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

7. Requisitos referidos a estruturas, equipamento e manexo:

a) A superficie do terreo ocupada pola explotación debe permitir o correcto desenvolvemento da actividade gandeira e a disposición do conxunto das instalacións necesarias para cumprir as condicións básicas do programa en materia de bioseguranza.

b) As instalacións e equipamentos estarán deseñados e construídos de xeito que permitan unha limpeza e desinfección eficaz.

c) O deseño do conxunto das instalacións ou adaptación de instalacións existentes, de ser o caso, terá en conta as condicións seguintes:

i. Os ventos dominantes de xeito que favorezan unha correcta ventilación e unha minorización do risco de contaxios.

ii. Illamento suficiente das instalacións de corentena, enfermaría e se for o caso dos diferentes lotes de animais.

iii. Acceso ás instalacións de vehículos e persoal, de tal xeito que permitan extremar as medidas de bioseguranza. Así, o acceso de maquinaria de transporte de materias primas dedicadas á alimentación ten que ser directa á instalación de almacenamento e sen acceder ao interior do peche perimetral onde se atopan as instalacións dos animais, e igualmente a maquinaria de evacuación de xurros e esterco tampouco terá acceso a estas zonas de estadía dos animais.

iv. A carga e descarga de animais farase en peirao separados para a entrada de animais no centro, saída para as explotacións e para animais enfermos con destino ao matadoiro e cadáveres.

v. Debe contar con mangas, trabadoiras ou outros medios adecuados para o manexo dos animais, de xeito que garantan a seguranza tanto para as persoas como para os animais.

vi. O centro disporá dunhas instalacións de corentena suficientes e axeitadas ao sistema de manexo, ao número e idade dos animais. Cando as instalacións de corentena prevexan a entrada en lotes, utilizarase o sistema de todo dentro, todo fóra.

vii. Se o deseño dispón de unidades fisicamente independentes entre si, para albergar os distintos tramos de idade, debe recoller o avance dos animais sempre cara adiante, sen cruzamentos de animais ou lotes con outros máis novos.

d) O deseño de novas instalacións, ou a reordenación e acondicionamento de instalacións existentes, terá en conta a localización afastada do local para depositar os cadáveres, con acceso a el desde o exterior do cerramento perimetral e nas entradas dos diferentes locais, naves ou parques situaranse pediluvios ou calquera outro medio de eficacia semellante que evite a transmisión de enfermidades.

e) O conxunto das instalacións deben cumprir e acreditar un protocolo de limpeza e desinfección, así como o tempo de baleiro despois de cada uso que se recolla no programa sanitario, de ser o caso.

f) Disporase de vestiario de persoal, útiles de limpeza e manexo de uso adecuado e exclusivo da explotación. Así mesmo, disporase das medidas hixiénico-sanitarias necesarias para que o persoal e os útiles empregados non poidan transmitir enfermidades. A zona de vestiario para o persoal estará fisicamente separada dos animais.

8. O programa sanitario do centro incluírá aspectos de prevención das afeccións podolóxicas.

9. Ademais dos libros de rexistro obrigatorios, establecidos pola normativa vixente, os centros de cría e recría de xovencas levarán un libro de visitas onde se anotarán todas as que se produzan, coa data, o fin da visita e a matrícula dos vehículos que accederon á explotación.

10. A separación sanitaria para reducir o risco de difusión de enfermidades infecto-contaxiosas desde ou cara a outras explotacións, establécense as seguintes distancias mínimas:

a) Os centros de cría e recría de xovencas gardarán unha distancia mínima de 1 km con áreas municipais e privadas de enterramento de cadáveres animais e as instalacións centralizadas de uso común para tratamento de xurros ou residuos sólidos urbanos.

b) En calquera caso, os centros de cría e recría de xovencas distarán como mínimo 1 km dos centros de concentración, recollidos no Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, coas súas modificacións. O mesmo criterio se aplicará con relación a matadoiros, industrias cárnicas, mercados e establecementos de transformación ou eliminación de cadáveres.

11. Aspectos de infraestrutura sanitaria:

a) Os xestores do centro serán responsables de garantir que os animais non contacten con outros animais doutras explotacións, nin sequera cos que transitan polos camiños circundantes do centro.

b) Ademais, as instalacións que alberguen os animais estarán rodeadas dun cerramento que evite de forma segura a entrada de alimarias ou outros animais.

c) Os centros que se poñan en marcha en instalacións existentes adaptadas a estas actividades tomarán as medidas posibles para garantir un axeitado illamento e condicións de bioseguranza que, en todo caso, deben detallar no programa sanitario.

d) As instalacións disporán das estruturas axeitadas para a subministración de auga e alimento. Así mesmo, os xestores do centro serán responsables de garantir que a auga de bebida sexa potable. Os silos, pensos e en xeral os alimentos almacenados estarán afastados das fontes de contaminación.

e) A explotación disporá de vaos sanitarios ou de sistemas eficaces nos accesos para a desinfección dos vehículos que entren ou saian da explotación.

f) Disporá de lazareto e medios adecuados para a observación e secuestro dos animais enfermos ou sospeitosos de enfermidades infecto-contaxiosas ou con problemas de comportamento adecuados á idade dos animais.

g) O centro realizará un programa estrito de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización das instalacións.

12. Os centros de cría e recría de xovencas establecerán no seu programa sanitario os seguintes aspectos:

a) Condicións sanitarias mínimas das explotacións de orixe e dos animais para o seu aceso ao centro.

b) Protocolo de controis que se van realizar sobre as explotacións e os animais con destino ao centro.

c) Controis durante a permanencia dos animais no centro.

d) Controis aos animais antes de saír con destino ás explotacións.

e) Protocolo de tarefas que vai seguir o/s operario/s no desenvolvemento do seu traballo diario.

SECCIÓN SEGUNDA

CENTROS DE CRÍA E RECRÍA DE XATOS FRISÓNS, CEBA DE VACAS ADULTAS CON DESTINO AO SACRIFICIO

Os centros de cría e ceba de xatos frisóns destinados ao sacrificio para a súa carnificación deberán de cumprir a normativa sectorial correspondente, entre ela a de protección de xatos, Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos, coas súas modificacións.

Estes centros poderán optar entre ser cebadoiros cualificados ou non. De seren cualificados, someteranse ás probas sanitarias dos programas estatais de erradicación de enfermidades.

As vacas adultas que entren no centro de ceba deberán ter obrigatoriamente como destino o sacrificio en matadoiro.

SECCIÓN TERCEIRA

CENTROS DE CEBA DE VACAS ADULTAS

Os centros de ceba de vacas adultas destinadas ao sacrificio para a súa carnificación deberán de cumprir a normativa sectorial correspondente.

ANEXO VII**Aspectos relacionados co cumprimento das normas ambientais de hixiene e benestar dos animais exixibles ás entidades beneficiarias das axudas**

1. Normas mínimas de ambiente, hixiene e benestar dos animais exixibles ás entidades beneficiarias.

a) As explotacións con actividade gandeira obxecto de auxilio deberán levar a efecto as accións sanitarias derivadas dos plans oficiais de profilaxe e loita contra enfermidades, establecidas ou que se establezan no futuro, de acordo co previsto na Lei 8/2003, de sanidade animal, e normativa que a desenvolve.

b) As explotacións con actividade agrícola obxecto de auxilio deberán levar a efecto as accións sanitarias derivadas dos plans oficiais de profilaxe e loita contra os axentes nocivos, establecidos ou que se establezan no futuro, de acordo co previsto na Lei 43/2002, de sanidade vexetal, e a normativa que a desenvolve.

2. Outras normas de aplicación.

2.1. Normas ambientais.

2.1.a) Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

2.1.b) Real decreto 1997/1995, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre (Directiva 92/43 CE).

2.1.c) Lei 10/1998, sobre residuos (Directiva 91/156/CEE).

2.1.d) Real decreto 261/1996, sobre protección contra a contaminación por nitratos procedentes de fontes agrarias (Directiva 91/676/CE).

2.2. Normas de hixiene e benestar dos animais.

2.2.a) Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, relativo á protección dos animais en explotacións gandeiras (Directiva 98/58/CE).

2.2.b) Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de becerros, modificado polo Real decreto 229/1998, do 16 de febreiro (Directiva 91/629/CEE).

ANEXO VIII**Programa de xestión de xurros e/ou esterco**

Os solicitantes que opten ás axudas recollidas nesta orde deberán elaborar un programa de xestión, en que se recollan polo menos os seguintes elementos:

1. Datos da explotación solicitante:

a) Produción anual de xurros e/ou esterco, segundo a táboa recollida no anexo IX.

b) A suma dos censos ou valor de capacidade produtiva, expresada en UGM (unidade gandeira maior), de acordo coa táboa de equivalencias recollida no anexo IX.

2. Relación en que aparezan identificadas as explotacións agrarias receptoras de xurros e/ou esterco, incluíndo, para cada unha delas

a) Código de identificación da explotación agraria.

b) Datos do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social, número ou código de identificación fiscal (NIF ou CIF), enderezo, código postal, municipio, provincia e teléfono.

c) Localización das parcelas, indicando municipio, zona, polígono e parcela coa superficie total de cada unha delas.

d) Dimensión da superficie que se vai utilizar (hectáreas) en cada parcela e cultivos correspondentes.

e) Necesidades dos cultivos e época de aplicación.

f) Cálculo, de fornecemento de fertilizantes ao terreo con base aos xurros e/ou esterco, calculado de acordo co anexo IX.

3. Sistema de seguimento e rexistro que permita coñecer o destino de todos os xurros e/ou esterco aplicados ao terreo (propietario, explotación, parcela, lugar, dose e momento de aplicación).

ANEXO IX**Táboa de equivalencias entre tipo de gando e produción de estercero sólido, xurro e nitróxeno, fósforo e potasio**

Tipo de gando e fase produtiva	UGM	Kg nitróxeno praza/ano	Kg P205 praza/ano	Kg K2O praza/ano	Xurro m ³ /praza/año	Esterco sólido Tn/praza/año
Vacún						
>= 24 meses	1	85	42	100	18	19
15- 24 meses	0,6	50	29	55	8	9
6-15 meses	0,4	25	14	27	5,5	6
3-6 meses	0,2	12	6	12	2,7	3
<=3 meses	0	0	0	0	0	0
Coellos						
Reprodutores (incluídos cazapos)	0,08	7	0,9	0,3	-	0,3
Ceba (praza)	0,02	3	0,5	0,13	-	0,18
Equino						
Reprodutores	0,6	54	27	50	-	9,4
Reposición	0,4	36	18	33	-	6,3
Poldros	0,2	18	9	17	-	3,2
Ovino-cabrán						
Reprodutores	0,1	9	5	15	-	0,9
Reposición	0,07	6	3	10	-	0,6
Años	0,04	4	1,5	4,5	-	0,3
Años de leite	0,001	1	0,5	1,5	-	0,12

ANEXO X

COMUNICACIÓN DE REALIZACIÓN DOS INVESTIMENTOS

DON/DONA	<input type="text"/>	DNI	<input type="text"/>
COMO SECRETARIO/A DE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN			
<input type="text"/>			

como beneficiario/a dunha axuda solicitada ao abeiro da Orde do de de 2009 para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 (DOG nº, do/...../.....),

COMUNICO:

Que en relación coa axuda que me foi aprobada, na data de hoxe teño realizados todos os investimentos previstos.

Xunto como documentación xustificativa dos mencionados investimentos e dos compromisos adquiridos:

- Facturas orixinais ou copia cotexada.
- Licenza de obra e certificación final de obra do técnico que redactou o proxecto, se é o caso.
- Declaración doutras axudas efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Solicitud de pagamento dos investimentos.

E para que conste para os efectos de que se proceda á certificación dos investimentos realizados, asino esta comunicación en

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO XII

DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DON/DONA	<input type="text"/>	DNI	<input type="text"/>
REPRESENTANTE DA ENTIDADE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN	<input type="text"/>		

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existiren outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL	<input type="text"/>

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en

_____ , de _____ de _____

Asdo.:

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se convocan para a elección de destino definitivo os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, convocado pola Orde do 13 de decembro de 2007.

En virtude da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 13 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 247, do 24 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da

Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa resolución do 9 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 244, do 17 de decembro).

Co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordantes, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, ao acto de elección de destino definitivo que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería